

# **CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-**

## **ACTA Nº 15-2013 DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNI- CIPAL**

**- DIA 26/12/2013-**

**Marxe que se cita:**

**Presidente:**

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

**Concelleiros/as asistentes:**

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG) INCORPORASE AS 20:10 H.

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE(PP)INCORPORASE AS 20:14

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

**Concelleiros ausentes:**

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

**Secretaria:**

Carolina Costoya Pardo

**Intervención**

-----

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:05 baixo a Presidencia do Sr.Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente ( cando menos 1/3 do número legal), polo Sr.Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA:**

- 1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.
- 2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.
- 3º.- DACION DE CONTA DA SUCESIÓN DA CONCESIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO DO CONCELLO DE RIANXO EN VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.
- 4º.- CONCESIÓN DA PISCINA CLIMATIZADA E INSTALACIÓN ANEXAS ( exp.11/2013) cancelación.
- 5º.- CONCESIÓN DA PISCINA CLIMATIZADA E INSTALACIÓN ANEXAS (exp.14/2013). Incoación
- 6º.- CONCESIÓN DA PISCINA CLIMATIZADA E INSTALACIÓN ANEXAS (exp.14/2013). Aprobación do expediente e apertura do proceso licitatorio
- 7º.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (P.O.S.2014)
- 8º.- MOCIONS DE URXENCIA.
- 9 º.- ROGOS E PREGUNTAS

### **1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES**

Acta Nº 13 Sesión ordinaria do día 31/10/2013

O Presidente pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, polos votos a favor dos 15 concelleiros presentes, dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda aprobada a acta citada

Acta Nº 14 Sesión extraordinaria urxente do día 28/11/2013

O Presidente pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, polos votos a favor dos 15 concelleiros presentes, dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda aprobada a acta citada

## **2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO**

**2.A)** A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/10/2013 ata o 31/09/2013, que comprenden os números 461/2013 ao 515/2013, e as Resolucións de Alcaldía ditadas dende o 01/11/2013 ata o 30/11/2013, que comprenden os números 516/2013 ao 589/2013, cuxas relacións facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

**2.B)** A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 19 da Sesión ordinaria do día 08/10/2013
- Acta Nº 20 da Sesión ordinaria do día 22/10/2013
- Acta Nº 21 da Sesión ordinaria do día 12/11/2013
- Acta Nº 22 da Sesión ordinaria do día 26/11/2013

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

## **3.- DACION DE CONTA DA SUCESIÓN DA CONCESIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO DO CONCELLO DE RIANXO EN VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.**

O Sr. Alcalde da conta da comunicación

**Concesionaria actual:** Aquagest, Promoción Técnica y Financiera de abastecimientos de agua, S.A.U.

**Concesionaria sucesora :** Viaqua, gestión integral de aguas de Galicia, S.A.U con CIF A 66141185.

O 25/10/2013 ( RXE nº 7437) recíbese escrito presentado por D. Enrique Font Martinez, con DNI nº 37.718.767 D, actuando en nome e representación de Viaqua, gestión integral de aguas de Galicia, S.A.U con CIF A 66141185, polo que comunica a reestructuración societaria na que se ven inmersas o grupo de sociedades dominado pola Sociedade General de Augas de Barcelona ,S.A. ás que pertence Aquagest, Promoción Técnica y Financiera de abastecimientos de agua, S.A.U. e que quedarán baixo a sociedade denominada Aquadom, concesiones ibéricas, S.L.U.

Aluden á escritura pública outorgada ante o Notario de Barcelona D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Isabel Gabarró Miquel, o 18/10/2013, de escisión total de AQUAGEST e extinción e transmisión en bloque do seu patrimonio tralo proxecto de regularización societaria de conformidade coa Lei 03/2009 de modificación estrutural de sociedades mercantís ( publicado no BORM do 16/09/2013)

a) AQUADOM que se fai cargo da xestión da carteira financeira integrada pola totalidade das accións da súa titularidade

b) e a cinco SOCIEDADES DE NOVA CREACIÓN, sendo nestas accionista único AQUADOM, e concretamente na Comunidade Autónoma de Galicia, Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, S.A.U, no tocante ao negocio do ciclo integral da auga.

Asemade achégase copia en papel do apoderamento a favor do representante outorgando o 18/10/2013 ante a Notaria referida, e en formato dixital a relación de contratos afectados, o informe de solvencia e a escritura de escisión sinalada.

En conclusión, comunican a subrogación da mercantil denominada Viaqua, gestión integral de augas de Galicia, S.A.U nos dereitos e obrigas dimanantes dos contratos administrativos existentes entre este concello e Aquagest – concretamente o contrato de concesión dos servizos municipais de subministro de auga potable e saneamento asinado o 01/07/1996- ao ter a solvencia necesaria para o seu cumprimento, segundo acredítase no informe que se achega. Asemade, de non estimarse solvente suficiente respostaran subsidiariamente da execución dos referidos contratos o resto das sociedades beneficiarias da escisión.

O 28/10/2013 emítase nota informativa de secretaria que analiza a documentación, considerándoa correcta sen prexuízo do que poda informar a intervención municipal, se ben para completala a sucesora debía aportar unha documentación que se indica.

O 11/12/2013 ( RXE nº 8322) achégase pola entidade sucesora: copia do CIF, acreditación de estar ao día das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social así como declaración de non estar incurso en prohibicións de contratar.

Procede entón dar conta desta sucesión ao Pleno corporativo.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

#### **4.- CONCESIÓN DA PISCINA CLIMATIZADA E INSTALACIÓN ANEXAS ( exp.11/2013) cancelación**

O alcalde lee a proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<En sesión plenaria do 28/11/2013 adoptáronse os acordos de incoación e, incorporada toda a documentación preceptiva, aprobación do expediente para a apertura da licitación.

Advertido un erro na inclusión dos datos do IVE no estudo económico, obxecto de interpretacións, e estudado e consultado, supón tal variación no importe final do canon anual que dan lugar a un novo proceso difícil de solventar unicamente cunha modificación por canto afecta a un dos elementos esenciais do contrato como é o canon.

Asemade faltaba recoller con detalle o relativo ao persoal a subrogar que achega agora a empresa, en cumprimento do estipulado no artigo 120 do Rd.3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da lei de contratos do sector público, e ao abeiro do artigo 22 da Resolución do 24/08/2010 da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón do rexistro, depósito e publicación no Diario Oficial de Galicia do I Convenio colectivo galego de instalacións deportivas e ximnasios ( DOG 20/09/2010) vixente á data, e segundo o que *os traballadores e traballadoras da empresa contratista saínte pasarán a estar adscritos á nova titular da contrata quen se subrogará en todos os dereitos e obrigas sempre que se atopen nalgún dos supostos recollidos nese artigo.*

Sendo puntos da orde do día deste pleno a nova incoación e aprobación do expediente e apertura da licitación.

Esta Alcaldía propón ao Pleno como órgano de contratación ao que lle corresponde en uso das competencias conferidas pola Disposición Adicional Segunda do TRLCSP ( por ser a súa duración superior a 4 anos), a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Deixar sen efectos o expediente de contratación 11/2013 relativo á Concesión administrativa da piscina climatizada e instalacións anexas, incluída a aprobación e apertura do proceso cara a poder reiniciala de novo na súa totalidade.

**Segundo:** Publicar este acordo no perfil do contratante, BOP e DOG xunto co resulte da nova licitación.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE DEPORTE, XUVENTUDE, MULLER E SANIDADE, do día 20/12/2013, sendo este favorable.

Ábrese o **DEBATE:**

O alcalde ofrece a palabra ao Concelleiro delegado de Deportes. Joaquin Dominguez comenta o reflectido na proposta para deixar sen efectos o expediente de licitación anterior, ante o erro advertido no estudo económico que afectou de xeito significativo ao canon a aboar. Ademais alude ao aspecto da subrogación que non viña tan detallado como se verá na nova licitación, se ben se deducía dos custos de persoal que se recollían no estudo económico e que, en todo caso, era de obrigado cumprimento via convenio de aplicación a este tipo de instalacións.

*Hadriana Ordoñez Otero incorporase á sesión, sendo as 20:10 minutos*

Continúa o concelleiro da área resaltando a cobertura do custe do servizo polos ingresos recibidos en gran medida e a continuidade e asiduidade dos usuarios ás instalación. Todo ilo a pesar das diferentes tarifas que se aplican segundo se trate de bonos individuais ou familiares. No tocante aos gastos: persoal, mantemento, electricidade...e a suba do IVE ( do 16% ao 21%) incrementáronse, mais o concesionario afrontou a situación na súa xusta medida, garantindo a prestación e acadando a mellor xestión nunha relación correcta co concello e en favor dos usuarios. Neste sentido quere expresar o bo facer da concesionaria actual.

*Incorpórase Jose Luis Castiñeiras ás 20:14 minutos.*

O alcalde da o turno de intervención ao vicevoceiro do grupo municipal do PP, Ricardo Besada, quen indica que non vai facer comentario ningún ao respecto.

Por último, a voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces, expresa o seu desexo de que estas instalación continúen a funcionar como ata o de agora. Unha vez saído deste atranco do proceso licitatorio espera que remate sen problemas e vai adiante coas maiores garantías de éxito, pois corrixir a tempo evita impugnacións posteriores.

O alcalde intervén para rematar o debate aludindo aos erros detectados que fixeron pensar en si seguir co proceso ou reinícialo, e estimouse este último xa que a variación do canon era tal que o facían preciso cara a garantir a súa adxudicación coa maior seguridade xurídica. No resto o contido dos pregos é idéntico.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** con 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP), con cero votos en contra, dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

## **5.- CONCESIÓN DA PISCINA CLIMATIZADA E INSTALACIÓN ANEXAS (exp.14/2013). Incoación**

O alcalde lee a proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<Tralo acordo deixando sen efectos o expediente de licitación anterior polos motivos expostos.

Tendo en conta que o día 01/02/2014 remata o contrato administrativo relativo á concesión da xestión do servizo público da piscina municipal, asinado o 15/01/2009 por un prazo improrrogable de 59 meses contados dende a apertura ao público unha vez construídas as instalacións daquela.

Cómpre lembrar como antecedentes imprescindibles deste servizo os aspectos reflectidos na resolución de incoación do expediente de licitación do primeiro establecemento do servizo ( R.A nº 1614/2008), e que foron os seguintes:

- Segundo dispón o artigo 132 do TRLCSP antes de proceder á contratación dun servizo público deberá terse establecido o seu réxime xurídico, que declare expresamente que a actividade de que se trata queda asumida pola Administración respectiva como propia desta, atribúa as competencias administrativas, determine o alcance das prestacións a favor dos administrados e regule os aspectos de carácter xurídico, económico e administrativo relativos á prestación do servizo.
- O artigo 22.2.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local sinala que o Pleno é o órgano municipal competente para a aprobación da forma de xestión dos servizos públicos; é dicir, se van a ser xestionados dun xeito directo (pola propia Administración Municipal) ou dun xeito indirecto (por calquera das modalidades do contrato de xestión de servizos públicos).
- Na Sesión Plenaria extraordinaria celebrada o día 23/10/2008 aprobouse inicialmente a Ordenanza Reguladora da Taxa pola prestación de servizos de competencia municipal consistentes no uso das instalacións da piscina pública do Concello de Rianxo ( a cal ten sido obxecto de actualizacións). No expediente administrativo tramitado para a aprobación di dita ordenanza quedou acreditado que:
  - Trátase dun servizo de competencia municipal.
  - Para o cálculo do custe da Taxa tívose en conta o Estudio Económico-Financeiro para a posta en funcionamento da Piscina Municipal. Deste estudio quedou acreditado que o servizo de competencia municipal ía ser xestionado dun xeito indirecto, mediante concesión administrativa.
- Vistos o artigo 66 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, que recolle o principio de conservación dos actos administrativos, así como a congruencia administrativa cos propios actos e normas administrativas ditadas, considérase que o Pleno Municipal co acordo de aprobación inicial da “Ordenanza Reguladora da Taxa pola prestación de servizos de competencia municipal consistentes no uso das instalacións da piscina pública do Concello de Rianxo”:
  1. Considerou que a actividade de Piscina queda asumida polo Concello de Rianxo como propia.
  2. Aprobou a xestión indirecta do servizo e a necesidade de proceder á celebración dun contrato de xestión de servizos públicos, baixo a modalidade concesión.
- En consecuencia, non se estimou necesario un novo acordo plenario que declarase que a actividade de piscina asumíase como propia polo Concello de Rianxo; así como que o servizo íase xestionar indirectamente a través da modalidade de concesión administrativa, mediante un contrato administrativo de xestión de servizos públicos.

A día de hoxe a situación mantense estimándose procedente que se continúe con esa forma de xestión xa adoptada e executada durante o contrato vixente.

O certo é que se daban e se dan os requisitos para a xestión indirecta ao tratarse dun servizo que asume da súa competencia o concello, susceptible de explotación por particulares, que non implica exercicio da autoridade inherente aos poderes públicos e que o contratista que o explote teña encomendada a organización e prestación do servizo conxuntamente, de conformidade co estipulado nos artigos 251 y 255 do TRLCSP.

Isto sen prexuízo de que resta aprobarse o regulamento do servizo en cuestión.

En consecuencia, e ante a proximidade do remate da vixencia da actual concesión, por providencia da Alcaldía de acordo coa concellería de deportes ordenouse a redacción dos seguintes documentos:

- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.
- Prego de Prescricións Técnicas Particulares.
- Estudio Económico-Financeiro.

En atención ao estipulado no artigo 22 do RD. 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público ( en diante TRLCSP) non se poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento dos seus fins institucionais. A tal efecto, a natureza, idoneidade e contido do contrato administrativo debe ser determinada con precisión deixando constancia de todo elo na documentación preparatoria.

Pretendéndose que o novo contrato que se licita teña unha duración de 7 anos prorrogables por 3 anos ( sendo o total de 10 anos) procede seguir o **procedemento aberto**, tramitación ordinaria.

Esta Alcaldía propón ao Pleno como órgano de contratación ao que lle corresponde en uso das competencias conferidas pola Disposición Adicional Segunda do TRLCSP ( por ser a súa duración superior a 4 anos), a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Iniciar expediente de contratación, mediante **procedemento aberto, tramitación ordinaria**, de acordo co estipulado nos artigos do RD. 3/2011 polo que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público, para a adxudicación do contrato de xestión de servizos público, modalidade concesión, relativo á xestión da Piscina climatizada e instalacións anexas do Concello de Rianxo.

**Segundo:** Que se incorpore ao expediente a documentación necesaria de conformidade co RD. 3/2011 que se relaciona a continuación:

- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares
- Prego de Prescricións Técnicas.
- Estudio Económico-Financeiro da Piscina Municipal.
- Informe de Secretaría.
- Informe de fiscalización e de se-lo caso, certificado de existencia de crédito.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE DEPORTE, XUVENTUDE, MULLER E SANIDADE, do día 20/12/2013, sendo este favorable.

Ábrese o **DEBATE**:

O alcalde ofrece a palabra ao Concelleiro delegado de Deportes. Joaquin Dominguez comenta o reflectido na proposta para deixar sen efectos o expediente de licitación anterior, ante o erro advertido no estudo económico que afectou de xeito significativo ao canon a aboar. Ademais alude ao aspecto da subrogación que non viña tan detallado como se verá na nova licitación, se ben se deducía dos custos de persoal que se recollían no estudo económico e que, en todo caso, era de obrigado cumprimento via convenio de aplicación a este tipo de instalacións.

Continúa o concelleiro da área resaltando a cobertura do custe do servizo polos ingresos recibidos en gran medida e a continuidade e asiduidade dos usuarios ás instalación. Todo ilo a pesar das diferentes tarifas que se aplican segundo se trate de bonos individuais ou familiares. No tocante aos gastos: persoal, mantemento, electricidade...e a suba do IVE ( do 16% ao 21%) incrementáronse, mais o concesionario afrontou a situación na súa xusta medida, garantindo a prestación e acadando a mellor xestión nunha relación correcta co concello e en favor dos usuarios. Neste sentido quere expresar o bo facer da concesionaria actual.

O alcalde da o turno de intervención ao vicevoceiro do grupo municipal do PP, Ricardo Besada, quen indica que non vai facer comentario ningún ao respecto.

Por último, a voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces, expresa o seu desexo de que estas instalación continúen a funcionar como ata o de agora. Unha vez saído deste atranco do proceso licitatorio espera que remate sen problemas e vai adiante coas maiores garantías de éxito, pois corrixir a tempo evita impugnacións posteriores.

O alcalde intervén para rematar o debate aludindo aos erros detectados que fixeron pensar en si seguir co proceso ou reinícialo, e estimouse este último xa que a variación do canon era tal que o facían preciso cara a garantir a súa adxudicación coa maior seguridade xurídica. No resto o contido dos pregos é idéntico.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** con 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP), con cero votos en contra, dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

## **6.- CONCESIÓN DA PISCINA CLIMATIZADA E INSTALACIÓN ANEXAS (exp.14/2013). Aprobación do expediente e apertura do proceso licitatorio**

O alcalde lee a proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<Sometido a acordo plenario do día de hoxe a incoación da licitación relativa á CONCESIÓN DA PISCINA CLIMATIZADA E INSTALACIÓN ANEXAS, unha vez xustificada a súa necesidade por procedemento aberto e tramitación ordinaria.

No expediente xa consta:

- Estudio Económico-Financeiro da Piscina Municipal ( decembro 2013)
- Pregos de prescricións técnicas para a prestación do servizo.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a contratación e os seus Anexos, do mes de decembro de 2013.
- Informe conxunto de Secretaría e de fiscalización da Intervención do 17/12/2013

Tratándose da xestión dun servizo público mediante concesión administrativa por un prazo inicial de 7 anos prorrogable por 3 anos, cun máximo total de 10 anos.

Polo tipo de procedemento será publicado no Perfil do contratante e no BOP e DOG ( artigo 142 TRLCSP e art.326 Lei de Administración Local de Galicia) para o seu coñecemento e presentación de ofertas polos licitadores interesados no prazo outorgado. Non procede publicación no BOE ao tratarse dun contrato non suxeito a regulación harmonizada.

Esta Alcaldía propón ao Pleno como órgano de contratación ao que lle corresponde en uso das competencias conferidas pola Disposición Adicional Segunda do TRLCSP ( por ser a súa duración superior a 4 anos), a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria, de acordo co estipulado nos artigos do RD. 3/2011 polo que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público, para a adxudicación do contrato de xestión de servizos público, modalidade concesión, relativo á xestión da Piscina climatizada e instalacións anexas do Concello de Rianxo.

**Segundo:** Ao non existir gasto para a Administración Municipal no presente exercizo orzamentario, comprometer a autorización do gasto que para o Concello de Rianxo representa a contratación referenciada, con cargo á partida **340.9c.20900** do Estado de Gastos dos vindeiros Orzamentos Municipais durante os cales se desenvolva a concesión administrativa, quedando condicionada a adxudicación no exercizo 2014 a previa incorporación do certificado de existencia de crédito para a devandita anualidade.

**Terceiro:** Aprobar o expediente administrativo incluíndo o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, Prego de Prescricións Técnicas Particulares e Estudio Económico-Financeiro deste servizo público; documentos todos eles de valor contractual que rexerán a presente licitación.

**Cuarto:** Dispoñer a apertura do procedemento aberto, tramitación ordinaria publicando o anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Rianxo, no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, podándose presentar as ofertas no prazo indicado nos pregos contado dende o día seguinte á última publicación de todas elas. Os pregos ( PCAP e PPT) serán obxecto asemade de publicación no perfil do contratante sen prexuízo da exposición do expediente nas dependencias municipais.

**Quinto:** Delégase na Presidencia a realización da tramitación posterior incluída a súa adxudicación e formalización do contrato.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE DEPORTE, XUVENTUDE, MULLER E SANIDADE, do día 20/12/2013, sendo este favorable.

O alcalde ofrece a palabra e abre o **DEBATE:**

O alcalde ofrece a palabra ao Concelleiro delegado de Deportes. Joaquin Dominguez comenta o reflectido na proposta para deixar sen efectos o expediente de licitación anterior, ante o erro advertido no estudo económico que afectou de xeito significativo ao canon a aboar. Ademais alude ao aspecto da subrogación que non viña tan detallado como se verá na nova licitación, se ben se deducía dos custos de persoal que se recollían no estudo económico e que, en todo caso, era de obrigado cumprimento via convenio de aplicación a este tipo de instalacións.

Continúa o concelleiro da área resaltando a cobertura do custe do servizo polos ingresos recibidos en gran medida e a continuidade e asiduidade dos usuarios ás instalación. Todo isto a pesar das diferentes tarifas que se aplican segundo se trate de bonos individuais ou familiares. No tocante aos gastos: persoal, mantemento, electricidade...e a suba do IVE ( do 16% ao 21%) incrementáronse, mais o concesionario afrontou a situación na súa xusta medida, garantindo a prestación e acadando a mellor xestión nunha relación correcta co concello e en favor dos usuarios. Neste sentido quere expresar o bo facer da concesionaria actual.

*Incorpórase Jose Luis Castiñeiras ás 20:14 minutos.*

O alcalde da o turno de intervención ao vicevoceiro do grupo municipal do PP, Ricardo Besada, quen indica que non vai facer comentario ningún ao respecto.

Por último, a voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces, expresa o seu desexo de que estas instalacións continúen a funcionar como ata o de agora. Unha vez saído deste atranco do proceso licitatorio espera que remate sen problemas e vai adiante coas maiores garantías de éxito, pois corrixir a tempo evita impugnacións posteriores.

O alcalde intervén para rematar o debate aludindo aos erros detectados que fixeron pensar en si seguir co proceso ou reinícialo, e estimouse este último xa que a variación do canon era tal que o facían preciso cara a garantir a súa adxudicación coa maior seguridade xurídica. No resto o contido dos pregos é idéntico.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** con 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP), con cero votos en contra, dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

## **7.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (P.O.S.2014)**



O alcalde lee a proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

A Deputación Provincial de Coruña no pleno ordinario do día 25/10/2013, aprobou as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación de Obras e Servizos Municipais do ano 2014. A asignación que corresponde ao Concello de Rianxo ascende a 253.236,58€.

Segundo as bases reguladoras deste plan os concellos deben destinar cando menos o 40% do importe ao financiamento de obras, podendo ser o resto para financiar gastos correntes ou ben efectuar maiores investimentos.

Contando xa cos proxectos de obras, informes técnico así como o informe da intervención respecto da previsión de gastos para o 2014, a proposta desagregase do seguinte xeito:

**a) No tocante ao investimento en obras:**

➤ **SANEAMENTO NO LUGAR DE A CASILLA ( ARAÑO)**

A dita obra executarase segundo o proxecto técnico das obras ( incluído o estudo básico de seguridade e saúde), redactado pola Arquitecta Ana I. Piñeiro Esperante, colexiado nº. 2242, por importe de 95.753,82 Euros, IVE incluído, que se desagrega nun valor estimado de 79,135,39€ e o ive que ascende a 16.618,43€ ( RXE nº 8427, do 16/12/2013)

Consta o informe da arquitecta da asistencia técnica municipal sobre as autorizacións preceptivas e non necesidade da supervisión do proxecto do 17/12/2013.

➤ **MELLORA ACCESO CON AGLOMERADO QUENTE Á PRAIA DAS CUNCHAS (RIANXO)**

A dita obra executarase segundo a memoria valorada das obras, por importe de 90,182,38 Euros, IVE incluído, que se desagrega nun valor estimado de 74.530,89 € e o ive que ascende a 15.651,49€.

Consta o informe da arquitecta da asistencia técnica municipal sobre as autorizacións preceptivas e non necesidade da supervisión do proxecto do 17/12/2013.

**b) No relativo Ao financiamento de gastos correntes:**

- informe de intervención municipal de data 18 de decembro de 2013 conforme ao Anexo II.

Emitido informe por D. Adolfo F. Muíños Sánchez sobre a non solicitude nin percepción de achega algunha para os ditos fins.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excma. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- “Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2014 ou a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

**A) Realización de obras:**

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto
SANEAMENTO NO LUGAR DE A CASILLA (ARAÑO)	95.753,82€	0,00€	95.753,82€
MELLORA ACCESO CON AGLOMERADO QUENTE Á	90.182,38€	0,00€	90.182,38€

PRAIA DAS CUNCHAS (RIANXO)			
<b>TOTAL OBRAS</b>	<b>185.936,20€</b>	<b>0,00€</b>	<b>185.936,20€</b>

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2014 e que se relacionan nesta táboa.

**B) Financiamento de gastos correntes ou amortizacións de débeda:**

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	67.300,38€
Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda	-----
<b>SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA</b>	

**C) Resumo:**

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
<b>SUBTOTAL OBRAS/SUBMINISTRACIÓN</b>	185.936,20€	0,00 €	185.936,20 €
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIONES DE DÉBEDA</b>	67.300,38€	0,00 €	67.300,38€
<b>TOTAL</b>	<b>253.236,58€</b>	<b>0,00€</b>	<b>253.236,58€</b>

2. Aprobar o plan complementario do ano 2014 no que se inclúen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Denominación da obra ou subministracións	Presuposto
-----	-----
<b>TOTAL</b>	-----

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2014 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2014 se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS, SERVICIOS, PROTECCIÓN CIVIL E MEDIO AMBIENTE, do día 20/12/2013, sendo este favorable.

O alcalde ofrece a palabra e abre o **DEBATE**:

Ricardo Besada, vicevoceiro do grupo municipal do PP, amosa a conformidade do grupo coas obras solicitadas, se ben, e como tenno requirido doutros anos, recrimina que non houbera un consenso de todos os grupos da corporación para determinar cales incluír no P.O.S.

No turno do voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, J.Carlos Gey, expón a necesidade de ambas obras, previamente solicitadas polos vecinos, e que seleccionouse polo tipo de actuación, básicas e de primeiro orde, procurándose no proxecto o emprego de material que perdure no tempo. Diríxese ao PP para dicir que entende a súa reclamación se ben matiza que nestes casos son obras de interese público polo número de usuarios así como os estragos dos que adolecen neste intre. Ilo sen prexuízo de que haxa outras pistas que o requiran ou zonas que precisen a extensión da rede de saneamento, mais todo se andará afrontándose con outros plans, como o PDTC.

O alcalde di que se van facendo as conexións de saneamento aos poucos, segundo se pode cos plans e achegas que se ofrecen por outras Administracións, e espera que algún día poda contarse cunha rede de saneamento municipal completa. Asume a reclamación do PP e as de diferentes vecindades que precisan deste tipo de obras, mais hai que priorizar e elixir segundo o importe do que se dispón para acometelas.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** con 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE), 5 abstencións (dos 5 membros do PP), con cero votos en contra, dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

## **8.- MOCIONS DE URXENCIA**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

**A Presidencia *pregunta se hai mocións.***

A voceira do grupo municipal do BNG, Dª. Adelina Ces Quintáns, di que retira as seguintes mocións por transcorrer o momento propicio para tratalas:

- MOCIÓN DO BNG PARA INCREMENTAR O FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DOS CONCELLOS (RXE nº 7462, do 28/10/2013).-
- MOCIÓN DO BNG SOBRE A NECESIDADE DE EVITAR A IMPUNIDADE DA MAREA NEGRA DO PRESTIGE. RECORRENDO AO TRIBUNAL SUPREMO. E SOBRE A TRANSFERENCIA DE COMPETENCIAS MARÍTIMAS Á XUNTA DE GALICIA (RXE nº 7967, do 25/11/2013).-
- MOCIÓN DO BNG PARA PARALIZAR A VENDA DE NOVAGALICIA BANCO (RXE nº 7969, do 25/11/2013).-

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

**8.1. MOCIÓN DO BNG CONTRA A SUBA DO CANON DE SOGAMA** (RXE nº 7968, do 25/11/2013).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintáns que defende a urxencia polo atraco que supón aos veciños.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

## B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

### << EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos da Galiza, e o Plano de xestión dos residuos sólidos urbanos da Galiza atribúen a condición de xestor nas operacións do proceso de xestión de residuos á Sociedade Galega de Medio Ambiente S.A. (SOGAMA).

A xestión do tratamento de residuos encomendada a SOGAMA foi acompañada do establecemento dun canon por parte dos concellos, fixado en 55,91 euros por tonelada de lixo tratada e mais o IVE.

Agora, o goberno do PP introduce nos orzamentos da Xunta de Galiza a revisión do canon para acadar os 74,64 euros por tonelada tratada, sen IVE, o que vai supor un incremento de preto do 34% para os máis de 290 concellos adheridos. A razón esgrimida é allea á relación entre os concellos e SOGAMA, ao ser unha decisión política adoptada polo Goberno central do PP na súa política de reforma do sector eléctrico, que impón recortes nas tarifas para percibir pola coxeración eléctrica. Ante a caída de ingresos que sufrirá SOGAMA pola xeración de enerxía, óptase por cargarlle á cidadanía novamente este recorte en lugar de o facer sobre os beneficios das empresas xeradoras de enerxía.

Esta medida unilateral do PP, sen coñecemento nin participación dos concellos adheridos no proceso de toma de decisión, pretende un incremento desproporcionado e abusivo que se repite, como noutros ámbitos por parte do Goberno do PP, pola adopción de medidas dirixidas a salvar ás grandes empresas corporativas transnacionais, e neste caso pola decisión cuestionábel da reforma eléctrica que favorece o oligopolio das grandes empresas enerxéticas, e penaliza as fontes de xeración alternativas.

Ademais, non só se pretende con esta suba compensar as perdas presentes e previsíbeis que ten SOGAMA, senón pasar a ter uns beneficios de preto de 7 millóns de euros a conta da cidadanía galega que verá repercucido este canon nos recibos que cobran polo servizo de recollida de lixo aos concellos. Este feito é especialmente grave cando SOGAMA nin sequera trata todo o lixo que recibe e carece de sentido transportalo para rematar nun vertedoiro.

Esta proposta de incremento desmesurado dos custos de tratamento do lixo por parte de SOGAMA vén a confirmar as denuncias feitas con anterioridade polo BNG sobre o fracaso do proxecto SOGAMA e o Plano de Residuos Sólidos Urbanos implantado polo PP na Xunta de Galiza. Os feitos acontecidos desde a aplicación dese plano demostran seren falsas as afirmacións -do Goberno galego e de SOGAMA- de que se trataba da opción máis respectuosa desde o punto de vista ambiental e con máis vantaxes económicas. Desde o punto de vista ambiental, SOGAMA insiste na incineración dos residuos sólidos urbanos co fin da súa valorización enerxética, sen ter en conta outros principios reitores no tratamento do lixo de maior importancia ecolóxica, como a redución, a reutilización directa e a reciclaxe de residuos, a compostaxe, e a proximidade no tratamento, cuxa consideración prioritaria no deseño dun modelo de xestión do lixo, ademais de supor un modelo de xestión máis sustentábel ambientalmente, traduciríase nunha contención de custos.

Ademais, os problemas detectados de acumulación de residuos e vertidos no complexo de SOGAMA demostran que nin sequera unha porcentaxe significativa dos residuos se valorizan ou se reciclan, senón que simplemente se enterran.

Por outra banda, desde a aprobación da Lei 10/1997, os sucesivos Gobernos do PP na Xunta tiveron empeño en impedir a existencia de plans alternativos como o iniciado no Morrazo, que foi desmontado por gobernos municipais do PP ou como o que se está a desenvolver pola Mancomunidade da Barbanza, que se executa a pesar do PP, que puxo trabas, sobre todo no que atinxe a acceder a axudas nas condicións cando menos análogas ás que tivo SOGAMA. En todo caso, son modelos que priorizan a reciclaxe e compostaxe e mostran custos máis sensatos, para alén de crear máis emprego directo. De feito, a transformación de modelo de xestión dos RSU podería supoñer uns 2.000 novos postos de traballo con base en proxectos de comarcalización, cun menor custo ambiental e redución do custo de transporte.

Cómpre lembrar a falta de colaboración dos gobernos do PP na Xunta de Galiza, pola decisión política de asignar, case na súa totalidade, os recursos públicos para o tratamento de residuos sólidos a financiar SOGAMA e afogar os modelos de xestión diferentes que se aparten da valorización enerxética do lixo. Mesmo planos estais recolleron os criterios de proximidade no tratamento e que a fracción orgánica do lixo se tratase prioritariamente por procedementos distintos á incineración.

A Xunta de Galiza, a través de SOGAMA ou doutras entidades que se crearen, preferentemente de tipo comarcal, debe ofrecer á cidadanía e aos concellos galegos modelos de xestión dos residuos alternativos á incineración e ao vertido. Só dentro dun modelo así poden facer unha política de prezos que favoreza os tratamentos ecolóxicos (recollida selectiva de calidade, reciclaxe, compostaxe) e penalice a recollida sen separar e o vertido e a incineración. Nun escenario deste tipo podemos reducir fortemente os custos de tratamento e evitar o incre-

mento das taxas. Mentres tanto, aumentar os pagos a SOGAMA é financiar a ineficiencia ambiental e a destrución de recursos e empregos.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

Instar á Xunta de Galiza a:

1. Retirar dos orzamentos do próximo ano o incremento previsto do canon de SOGAMA que deben satisfacer os concellos.
2. Que calquera modificación que se pretenda pase obrigatoriamente por un consenso coa FEGAMP e cos concellos implicados, coa participación de SOGAMA e da Consellaría con atribucións en medio ambiente.
3. Revisar en profundidade o Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2010-2020, eliminando a previsión de construír un nova incineradora de residuos urbanos e apoiando un modelo que supere Sogama, mediante proxectos comarcais de reciclaxe e compostaxe, que posibilite a creación de emprego e alcanzar os obxectivos e recollida selectiva e reciclaxe dos modelos en funcionamento máis avanzados.>>

O Alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

O vicevoceiro do grupo municipal do PP, Ricardo Besada, adianta o voto en contra.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, J.Carlos Gey, apoia a moción ante a total irresponsabilidade do goberno do PP, sobre todo cando di que sumarse aos servizos que ofrece SOGAMA é voluntario sendo conscientes de que é a única vía posible ofrecida pola Xunta de Galicia, máxime cando SOGAMA traballa incorrectamente a reciclaxe. Non é admisible a suba do 34% no servizo que han de afrontar os concellos e que indubablemente moitos van ter que repercutir aos vecinos. En consecuencia, o primeiro que procedería é a realización dunha auditoría para ver onde xurden os desfases ou cal é a causa desa mala xestión. Por último, o executivo autonómico debería valorar outro sistema de xestión. Di sentilo por outros concellos que non poden acudir a outro sistema como é o empregado pola Mancomunidade Serra do Barbanza e que este concello pensa adoptar.

O alcalde interven para engadir que tras toda esta suba esta a de as eléctricas como Gas natural e outras empresas que seguen a encherse os bolsillos mentras os cidadáns sufrimos os incrementos non paralizados pola Administración Estatal. Sinala que un dos problemas de SOGAMA é que non foi capaz de abrir un segundo vertedoiro no país, nin a Xunta de Galicia foi quen de procurar un sistema comarcal ou de fomentar ou subvencionalos. O Concello de Rianxo via tratar de entrar na Mancomunidade Serra do Barbanza que apostou por outra via afrontado cos seus propios medios, sen axuda ningunha. Esta mancomunidade, integrada por concellos de diversa condición política, estará encantado de acoller tamén ao Concello de Rianxo.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** con 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE), cero abstencións, e con 5 votos en contra (dos 5 membros do PP), dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

### **8.2. MOCIÓN DO BNG PARA GARANTIR O SUBMINISTRO ELÉCTRICO ÁS PERSOAS SEN RECURSOS (RXE nº 8497, do 19/12/2013).-**

#### **A) URXENCIA DA MOCIÓN:**

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintáns que defende a urxencia ante a inmediata suba da electricidade.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

## B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

### << EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En Galiza hai máis de 650.000 persoas que están en situación de pobreza e 120.000 en estado de pobreza severa; hai 93.000 fogares con todos os seus membros no paro -12.000 máis que o ano pasado- e existen máis de 33.000 fogares sen ningún tipo de ingresos, confirmando datos terribéis de pobreza infantil que no Estado español acada a cifra de 2,2 millóns de nenos e nenas por baixo do limiar da pobreza ou que 6 de cada 10 familias chegan con maiores dificultades a fin de mes.

Aos recortes, ao copagamento nos servizos públicos ou á restrición no acceso a sanidade, hai que engadir a redución nas prestacións por desemprego, xunto coa futura eliminación de servizos que se prestan nos concellos, por causa da reforma local, ou as reformas que afectarán subsidios por desemprego ou as pensións. Estas medidas agrávanse coa permanente redución dos orzamentos do Estado español e da Xunta, e que, co encarecemento da enerxía, sexa o gas ou a electricidade, o desemprego ou a falta de recursos económicos, provocan cada vez máis vítimas da política de desamparo que desenvolven os gobernos do PP no Estado e na Xunta de Galiza contra a cidadanía en xeral. Cada vez máis persoas quedan sen prestacións ao esgotaren as axudas de protección social, sen emprego, sen fogar ou sen poder afrontar o pagamento de hipotecas, alugueres ou servizos básicos como a luz, o gas... ou simplemente poder alimentarse.

O goberno local non só debe garantir por medio da administración municipal e dos servizos sociais públicos o apoio as persoas que o precisaren, senón que tamén debe impulsar diante do Estado español e da Xunta de Galiza iniciativas para que a prestación de servizos básicos destinados aos grupos máis desfavorecidos e medidas específicas dirixidas a persoas en risco de exclusión social e con necesidades especiais permitan contribuír a garantir o benestar, a saúde e calidade de vida nesta situación dramática que padecen.

En consonancia con isto, hoxe, outro dos factores de vulnerabilidade para moitas familias galegas é a pobreza enerxética, e concretamente o subministro eléctrico as súas vivendas. Os datos referidos ao Estado español demostran que, antes de comezar a crise económica, o número de familias que sufrían un corte de luz polo impago do recibo da empresa subministradora era de 600.000 e, durante o ano 2012, foron 1,4 millóns de familias sen recursos as que padeceron este cortes no subministro eléctrico.

Esta situación, a últimos do outono e co inverno ás portas, faise especialmente dramática pensando que se poidan producir cortes do subministro en fogares sen recursos, un feito que agudizará aínda máis as penosas condicións de vida das persoas que os habitan.

Países europeos, como Francia, limitan durante o tempo invernal os cortes de subministro eléctrico a familias sen recursos que non teñen cartos para pagar o recibo da luz. Alemaña paga a calefacción e o aluguer das persoas en paro de longa duración. Cataluña estuda prohibir os cortes de enerxía a familias na pobreza.

Os niveis e datos de pobreza en Galiza que enumeramos ao principio e as duras condicións climatolóxicas que estamos xa a padecer na entrada deste inverno, fan especialmente necesario que a Xunta de Galiza adopte medidas diante desta problemática para evitar as súas dramáticas consecuencias.

O goberno do Estado español xustifica o fortísimo incremento do recibo da luz dos últimos anos nun suposto déficit tarifario. Así, argumenta que o prezo da electricidade non cobre os custos de produción. Porén, isto é falso. A trampa reside na metodoloxía utilizada para o cálculo do custo de produción a través de poxas no mercado maiorista, o coñecido como "pool" eléctrico. Antes da liberalización do sector, ligábase o prezo da enerxía ao custo real de produción de cada unha das tecnoloxías. Na actualidade, o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que, dada a existencia de tecnoloxías que producen a uns custos moi inferiores, este sistema xera uns beneficios exaxeradamente elevados aos propietarios desas instalacións de produción; son os coñecidos no sector como "beneficios chovidos do ceo", sobre todo no caso de enerxías case amortizadas como a hidroeléctrica e a nuclear. Cabe, por tanto, opoñerse con absoluta rotundidade a incrementos no recibo da luz eléctrica que só fan engordar as contas de resultados das grandes compañías eléctricas. Cómpre avogar, pois, por uha reforma a fondo da normativa do sector eléctrico, tanto para corrixir os denominados inxustos e elevados beneficios que se xeran co formato actual de poxas de enerxía no mercado maiorista, co que se poría fin á escalada no incremento do déficit da tarifa, como para retornar a un modelo de maior intervención e control nun servizo esencial como o subministro eléctrico aos fogares, cuxa liberalización demostrou que beneficia exclusivamente ás grandes empresas enerxéticas a custo dunha política abusiva coa maioría das persoas abonadas.

Esta situación prodúcese nun contexto en que Galiza é excedentaria na produción de electricidade. Así, mentres padece os custos sociais e medioambientais que supón a xeración eléctrica, non obtén ningún beneficio desta condición.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

**Instar á Xunta de Galiza ás seguintes cuestións:**

**1.- Realizar as modificacións legislativas necesarias para garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos.**

**2.- Demandar do Goberno do Estado español que non incremente o recibo da luz para o 2014.**

**3.- Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas.>>**

O Alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

O vicevoceiro do grupo municipal do PP, Ricardo Besada, di que estan de acordo no punto primeiro da parte resolutiva da moción mais non no resto.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, J.Carlos Gey, apoia a moción. Di que revirando as facturas da luz obsérvase que o que se paga é o seu transporte, tamén se paga o déficit tarifario ( algo que non se quixo facer no seu momento por un ministro do PP ante as eleccións que se avenciñaban) e ambos son aspectos dos que dubida bastante que os teña que pagar a cidadanía. Sobre todo vendo que parte do subministro podería ser autóctono e non traelo doutros países como Francia, co conseguinte sobrecoste do transporte.

O alcalde remata as intervencións referíndose a incoherencia que existe no tratamento dos supostos de autoconsumo, que aínda que un dispoña de pracas soares na súa casa e puidera incluso verter a enerxía acadada á rede resulta que aínda ten que abonala. Estamos, di, ante un gran monopolio que vai facer difícil – con estas subas- que se poda manter o alumbeado público. Ironicamente faulle gracia o sistema de “portas xiratorias” que se percibe entre os membros dos gobernos estatais e as principais empresas nestes campos, onde pasan aqueles para os consellos de administración cobrando uns soldos estratosféricos.

Rematado o debate, sométese a moción a VOTACIÓN, sendo **APROBADA** por 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE, ) con 0 votos en contra, e 5 abstencións do PP, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

#### **8.3. MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE OS RECORTES DO PARTIDO POPULAR NAS POLÍTICAS DE PREVENCIÓN E LOITA CONTRA O VIH E A SIDA E A SITUACIÓN NA QUE SE ATOPAN OS COMITÉS ANTISIDA DA GALICIA (RXE nº 8546 do 20/12/2013).-**

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra ó concelleiro Joaquín Domínguez Salgado que defende a urxencia polos recortes gobernamentais.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

## << EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Como cada ano, o 1 de decembro celebramos o Día Internacional de Loita contra a SIDA, xornada instaurada por Nacións Unidas para lembrar e dar a coñecer á sociedade a epidemia global causada pola infección por VIH.

Segundo o último Informe sobre a Epidemia Mundial de SIDA 2013 de ONUSIDA, 35,3 millóns de persoas viven co VIH no mundo e 1,6 millóns de persoas morreron no último ano por mor de enfermidades relacionadas coa SIDA. Calcúlase que en 2012 déronse 2,3 millóns de novos casos de infección polo VIH en adultos e nenos, o que representa unha caída do 33% desde 2001. Grazas á expansión do tratamento antirretroviral, as mortes relacionadas coa SIDA tamén descenderon nun 30%, en comparación cos índices máximos rexistrados en 2005. En España son ao redor de 150.000 as persoas que viven co VIH, cunha taxa de preto de 3.000 novos diagnósticos anuais.

Ademais de lembrar estes datos xerais, diversos colectivos sociais do noso país chamaron a atención neste ano sobre a crecente deixadez de moitas administracións públicas, especialmente o Goberno de España e a Xunta de Galicia, no que ao desenvolvemento de políticas de prevención e atención ás persoas afectadas polo VIH e a SIDA se refire.

A desmantelación da Secretaría do Plan Nacional sobre a SIDA e a súa integración nunha subdirección xeral, coa consiguiente eliminación de recursos e recortes drásticos de persoal, supuxo o preludio da total ausencia de política neste ámbito por parte do Goberno. Este feito provocou que o noso país non evaluase adecuadamente o Plan Multisectorial fronte á Infección por VIH e a SIDA 2008-2012, e que aínda non se aprobase o Plan Multisectorial 2013-2017. Ademais desde xuño de 2012 carecemos de datos epidemiolóxicos actualizados da incidencia real do VIH en España, o que impide planificar estratexias preventivas a curto e longo prazo.

Esta ausencia total de políticas públicas en materia de VIH e SIDA contrasta coa rápida posta en marcha de medidas que restrinxen dereitos e prestacións ás persoas que viven co VIH, como o repago dos medicamentos, o crecente aumento de trabas para a dispensación de antirretrovirais na farmacia hospitalaria ou as restricións no acceso aos medicamentos de última xeración contra a hepatitis C. Todo iso sumado á exclusión sanitaria que para moitas cidadás e cidadáns supuxo a aprobación do Real Decreto-Lei 16/2012, que acabou cos principios de universalidade e equidade do noso sistema público de saúde.

Pero o austericidio e a política de recortes en materias tan sensibles e vitais coma esta non só se está a aplicar ás políticas dependentes directamente da administración, senón que o PP tamén está practicando unha planificada política de exterminio do amplo tecido social que dende hai décadas viña traballando con grande éxito na prevención do VIH e na asistencia ás persoas contaxiadas ou enfermas de SIDA, complementando o traballo dos poderes públicos e cubrindo ocos aos que a administración non chegaba.

Nos últimos tempos, téñense reducido nun 75% as axudas destinadas a financiar os programas de prevención do VIH que desenvolven as ONG, pasando de case 4 millóns de euros en 2011 a 1 millón en 2012 e 2013. Uns recortes que supuxeron a eliminación de multitude de programas de prevención e asistencia, e que están abocando ao peche a moitas destas organizacións, perdendo un tecido social esencial para gañar a batalla á pandemia.

No noso país, o Goberno de Feijoo, como en tantas outras materias, está a copiar o peor das políticas do PP no Goberno de España e reduciu a súa achega á loita contra a SIDA nun 55% o que provocou a desaparición dos Comités Antisida de Ourense, Vigo e Compostela, destino que tamén pode seguir o de Ferrol, que está a piques de pechar. Ademais, as campañas de prevención desapareceron da axenda do Goberno Galego, en especial as accións entre as mozas e mozos, precisamente o grupo de idade no que se está a dar un preocupante repunte de infeccións por VIH.

As decisións políticas teñen consecuencias e o Partido Popular coa aplicación destas medidas está a poñer en perigo algo tan grave como a saúde dos cidadáns deste país, provocando un gran retroceso nunha loita tan longa e dura como ten sido a de combater o VIH e a SIDA. Por iso, este ano, ademais de lembrarnos das persoas contaxiadas é preciso que os/as socialistas e o conxunto da cidadanía denunciemos estas prácticas e fagamos todo o posible para denuncialas e frenalas.

De acordo con todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS<sup>de</sup>G-PSOE propón ó Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:



1. Rexeitar e condear os recortes que o Partido Popular está a levar a cabo desde o Goberno de España e a Xunta de Galicia nas políticas de prevención e loita contra o VIH e de atención ás persoas con SIDA.
2. Instar aos Gobernos de España e da Xunta de Galicia a actualización de datos e incidencia real do VIH en España e en Galicia, coa conseguinte planificación e posta en marcha de estratexias preventivas a curto e longo prazo.
3. Esixirlle á Xunta de Galicia que habilite unha liña de financiamento específica e urxente que evite a desaparición dos Comités AntiSIDA que aínda se manteñen en activo en Galicia e permita a reactivación dos que xa tiveron que pechar.
4. Dar traslado do presente acordo aos diferentes grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia.>>

O Alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

O voceiro do grupo municipal Partido Popular, D. José Ricardo Besada Gesto, manifesta a abstención do grupo.

A voceira do grupo municipal do BNG, D<sup>a</sup>. Adelina Ces Quintáns, di que a van apoiar.

Rematado o debate, sométese a moción a VOTACIÓN, sendo **APROBADA** por 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE, ) con 0 votos en contra, e 5 abstencións do PP, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

#### **8.4. MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE O IMPACTO DA REFORMA LABORAL DO PARTIDO POPULAR NA MULLER (RXE nº 8546 do 20/12/2013).-**

##### A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra ó concelleiro José Carlos Gey Hermo que defende a urxencia en atencións as últimas e próximas reformas laborais.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

##### B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

###### << EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A reforma laboral posta en marcha polo Goberno do Partido Popular supuxo unha deterioración xeneralizada dos dereitos laborais porque opera sobre o modelo de contratación, abarata e facilita o despedimento, desregula as normas de garantía dos dereitos dos traballadores e traballadoras e reduce os custos laborais, a través da redución xeneralizada dos salarios. Créase así unha clase de traballadores pobres, onde as mulleres se levan, novamente, a peor parte.

A reforma laboral afectou gravemente ás clases traballadoras, golpeando con especial dureza os que se encontran en peor situación no mundo laboral, como é o caso das mulleres.

Hoxe podemos dicir, lamentablemente, que a reforma laboral acrecentou a discriminación por xénero no noso país. Os países que máis avanzaron nos últimos 50 anos son os que adoptaron políticas de igualdade, de formación e de saúde. O aumento da xornada, a redución do salario, a taxa de reposición cero, a precarización dos contratos para a formación, o denominado contrato para emprendedores e a precarización e desregulación do contrato a tempo parcial, xunto aos recortes en educación, en sanidade e en Dependencia afectan, grave e directamente, ao emprego das mulleres e ás súas condicións laborais.

A reforma laboral non só non afrontou os problemas de inestabilidade e temporalidade do mercado de traballo no noso país, senón que, pola contra, os ten vido a acentuar. A reforma laboral non só non evita o encadeamen-

to de contratos con distintos traballadores e traballadoras para un mesmo posto de traballo, senón que supuxo a creación dun contrato indefinido con altas cotas de temporalidade, a eliminación, por desnaturalización, dos contratos de formación e aprendizaxe e a desregulación do contrato a tempo parcial.

O contrato para a formación quedou convertido nun contrato barato para o empresario, ó supoñerlle un custo case simbólico, moi precario para o traballador e que vai afectar, en maior medida, ás mulleres, xa que o incentivo máis alto se dirixirá ás mulleres para condenalas a este tipo de contratación. Non só se aumenta a precarización do emprego das mulleres, senón que se intenta perpetuar esta precarización, podendo chegar a converterse nun caso de discriminación indirecta, xa que os datos veñen a confirmar que a reforma laboral supuxo a feminización deste contrato.

O denominado contrato de apoio a emprendedores é en realidade un contrato temporal encuberto de 364 días sen dereitos fronte ao despedimento; as bonificacións priman a contratación de traballadores que están a cobrar prestacións, especialmente se se trata de mulleres. Establécese así unha dobre discriminación aos que non perciben prestación, ás mozas que non tiveron aínda posibilidade de encontrar emprego, ou ás mulleres que esgotaron a prestación ou que traballaron de xeito intermitente sen chegar a poder cobrar a prestación por desemprego. Trátase dunha contratación feita case para as mulleres, que pode converterse nunha vía de contratación que máis que xerar emprego establece xere bonificacións indefinidas para o empresario por contratar, de forma temporal, as súas vítimas laborais, sen dereitos en relación coa extinción da relación laboral. Estamos a falar non xa de discriminación da muller no mercado de traballo, senón de discriminación superlativa recollida na propia regulación legal e contraria, ao artigo 14 da nosa Constitución.

A reforma laboral precariza tamén o contrato a tempo parcial, maioritariamente asinado con mulleres, sen cotización ao desemprego das horas extraordinarias, deixando, ademais, en mans do empresario un 5% da xornada para a súa distribución irregular.

Ademais, a modificación substancial que se levou a cabo das condicións laborais e a mobilidade xeográfica se ben afecta a todos os traballadores, de xeito moi especial, faino respecto ás mulleres, e estase a utilizar como instrumento para expulsar de forma indirecta a traballadoras embarazadas ou durante a crianza.

Este Goberno e a súa reforma laboral deixaron sen contido nin función a negociación colectiva. Con iso, ademais de debilitarse a correlación de forzas na relación laboral, en prexuízo dos traballadores, de xeito moi especial para as mulleres, como traballadoras moi vulnerables, dinamitouse a Lei de igualdade no ámbito laboral. Unha realidade que, xunto ás políticas de recorte de gasto público e á diminución dos servizos públicos destinados ao coidado das persoas e ao fomento da corresponsabilidade, redundan nunha importante paralización e retroceso en materia de conciliación e por ende na situación das mulleres.

A incorporación das mulleres ao mundo laboral retribuído realizouse no noso país sen resolver o conflito que supón traballar fóra de casa e atender as responsabilidades familiares, sendo as mulleres que asumiron maioritariamente a dobre tarefa dende o principio. Durante os gobernos socialistas, e, particularmente, durante o Goberno do Presidente Rodríguez Zapatero producíronse importantes avances en corresponsabilidade e afondouse na imprescindible necesidade de contar con infraestruturas sociais que fixesen posible tal conciliación, evitando, sobre todo, a súa conversión, non só nun problema, sino, ademais, nun problema exclusivo das mulleres. Quedaba un bo camiño por percorrer para lograr o obxectivo de eliminar o problema da conciliación da lista de discriminacións que viñan sufrindo as mulleres no ámbito laboral, pero empezábanse a adoptar medidas moi importantes que apuntaban cara a ese obxectivo.

Hoxe, non obstante, nun prazo moi pequeno de tempo, encontrámonos cos resultados, unha vez máis demolidores para o social, dunha política máis do Partido Popular, neste caso, os derivados da aplicación da súa reforma laboral: empregos con baixos salarios, entre os que afecta, especialmente, o das mulleres.

Hoxe no noso país, un 16% das mulleres traballadoras cobra menos do salario mínimo interprofesional, fronte a un 6% dos homes. Un 39% das mulleres gaña entre unha e dous veces o salario mínimo interprofesional, fronte ao 29% no caso dos homes. As mulleres traballadoras supoñen o 70% dos que gañan menos do salario mínimo interprofesional.

Galicia non é llea a esta clara e grave situación de desigualdade e, de feito, os últimos datos publicado polo INE relativos ás diferenzas salariais entre homes e mulleres son aínda máis preocupantes polo mero feito de que a nosa Comunidade Autónoma está a cola, xunto con Canarias e Extremadura, no que a salarios se refire dentro do conxunto do Estado. Polo tanto, a situación na que se atopan moitas mulleres é intolerable, ademais de profundamente inxusta, discriminatoria e aínda máis precarizada que no resto de España. E iso, sen falar do desemprego, que en Galicia segue a subir (un 0,15% en outubro e un 0,98% en novembro) fronte ao que acontece no conxunto do Estado no cómputo interanual, e cunha incidencia tamén maior no caso das mulleres (139.477 mulleres demandantes de emprego fronte a 128.748 homes).

O Goberno do Partido Popular e a súa reforma agravaron os factores laborais que determinan a priori o grosor da desigualdade salarial indirecta a través da xornada, a ocupación laboral, o tipo de contrato, o sector ou a anti-

güidade. O recorte no gasto público sen plans de igualdade, sen negociación colectiva, cunha correlación de forzas completamente debilitada supón un grave retroceso na loita contra a discriminación de xénero no ámbito laboral.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Rianxo propón ó Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**1º.** Instar ao Goberno central a derrogar a Lei 3/2012, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

**2º.** Esixir aos Gobernos central e da Xunta de Galicia que recuperen as políticas activas de emprego específicas para mulleres, tendo en conta os grupos de idade e situacións desfavorecidas, como o fomento da contratación en colectivos de mulleres formadas pero sen experiencia laboral, o desenvolvemento de prácticas non laborais asociadas á formación de empresas innovadoras ou a reciclaxe de mulleres con experiencia laboral pero que carecen da formación que hoxe se demanda, entre outras.

**3º.** Instar ao Goberno central e da Xunta a fomentar a elaboración de programas de formación en orientación e técnicas de busca de emprego.

**4º.** Esixir a todas as administracións, a través da negociación colectiva e mediante un Plan de Igualdade que corrixa as desigualdades existentes entre mulleres e homes, o estrito cumprimento da Lei de Igualdade no eido público correspondente..>>

O Alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

O vicevoceiro do grupo municipal do PP, Ricardo Besada, di que votarán en contra.

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces, di que votarán a favor da moción. Sen embargo, quere lembrar que tanto o PP como o PSOE teñen moita culpa na situación actual, dando e aceptando o que os empresarios pedían. Así fixeron o goberno de Felipe Gonzalez, Aznar e Zapateiro. O empresario pode actualmente, entre outras cousas:

- Despedir se as circunstancias económicas non son idóneas.
- Modificar o contrato laboral sen ter en conta os dereitos de conciliación.
- Indemnizar soamente nos contratos indefinidos.

O alcalde di que esta reforma está na liña das que se están a adoptar nos diferentes eidos ( sanitarios, educativos...) recortándose en suma a sociedade de benestar especialmente nas prestacións sociais ( centros de día, puntos de atención á infancia, axudas de maternidade..), reducíndose á vez os dereitos laborais, cercenando as oportunidades laborais que afectan de xeito singular ás mulleres. A situación de crise e os recortes económicos efectuados polo Estado e a Comunidade Autónoma supoñen tamén a imposibilidade de contratación de novos traballadores polos concellos que dificilmente poden levar a cabo políticas de emprego, todo ilo redundando en que as mulleres voltan a quedar na casa. Polo exposto, deben retomarse as medidas de apoio ao sector feminino para evitar esta situación dando maior apoio aos concellos.

Rematado o debate, sométese a moción a VOTACIÓN, sendo **APROBADA** por 10 votos a favor (6 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE, ) con 5 votos en contra do PP, e cero abstencións, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

## **9.- ROGOS E PREGUNTAS**

*A concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Ana Eitor:*

R.1. prega o arranxo da Fonte de Or, ademais de que o banco está estragado.

R.2. pide a colocación dun columpio no lugar de Palleiro.

O concelleiro grupo municipal do Partido Popular, José Ricardo Besada Gesto, prega que se revisen os trípticos da Festa da Patela cando cofinancia o concello, pois neste houbo erros.

O 1º Tenente de Alcalde, J.Carlos Gey dille que soamente resaltaban o importante e se a colocación errónea dalgunha cousa foi o único que estivo mal é para congratularse xa que en xeral dita festa foi un acerto.

Ricardo Besada dille que houbo erros de peso como algunha empresa colocada onde esta a Capela da Guadalupe.

Péchase o pleno desexándose polo 1º Tenente de Alcalde un bo aninovo e que se manteña a cordialidade entre os grupos con independencia da diversidade política.

Levántase a sesión ás 21:30 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

**O Alcalde**

**A Secretaria**

**Adolfo F. Muíños Sánchez**

**Carolina Costoya Pardo**